



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:40 horas do día 11 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2b e 5a)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 3a e 4a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a e 2b)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 1a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola presidenta, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

A Xunta de Goberno local na sesión do 21 de outubro de 2016 acordou clasificar en orde descendente as proposicións admitidas neste procedemento e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, SL, para que presentase no prazo de dez días a documentación esixida no artigo 151.2 TRLCSP, así como o aboamento dos custos en concepto de anuncios de licitación. Este acordo foi notificado a ALTHENIA, SL o 25 de outubro de 2016. Transcorrido o prazo sen que ALTHENIA, SL presentase documentación ningunha, enténdese que retira a súa oferta, polo que, de conformidade co previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, procede requirir a mesma documentación ao seguinte licitador na orde na que quedaron clasificadas as ofertas.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:46	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-CC495A-87B521-PXVAU-13GL2J-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“Primeiro.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, AGRONERGA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Segundo.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.687,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

2.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Estornino, entre Gregorio Espiño e Xílgaro (3968-440)

Non se trata este asunto porque, por erro, non se anunciou a apertura no perfil do contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

Non se trata este asunto porque, por erro, non se anunciou a apertura no perfil do contratante.

3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

Entrégase o informe asinado polo técnico de xestión e a xefa do Servizo de Festas de data 9 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposta técnica e económica” e proposta de negociación cos licitadores.

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para a Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:46	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-CC495A-87B521-PXVAU-13GL2J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Acéptase o informe asinado polo técnico de xestión e a xefa do Servizo de Festas de data 9 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposta técnica e económica” e proposta de negociación cos licitadores e acórdase, por unanimidade, iniciar a negociación cos dous licitadores presentados e admitidos nesta negociación, BIGLAB, SLU e TOTALITY GROUP, SL, nos termos previstos no referido informe.

5.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 25 de outubro de 2016 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, CARYOSA, SL, o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local o 21 de outubro, no que se lle outorgaba un prazo para a presentación da documentación esixida polo artigo 151.2 TRLCSP.

Esta documentación foi presentada o 7 de novembro de 2016, dentro do prazo concedido. Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación esta acorda, por unanimidade, conceder a CARYOSA, SL un prazo de tres días hábiles para que emende a citada documentación polos seguintes motivos:

1. Non consta a póliza do seguro de responsabilidade civil, esixida na cláusula 21 e no apartado 14A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación -PCAP-, que deberán presentar xunto co recibo de pagamento.
2. Non consta o certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á CCAA.
3. Deberán presentar o resgardo da garantía complementaria esixida na cláusula 22 e apartado 11B das FEC do PCAP por un importe do 2,83% do prezo de adxudicación do contrato sen IVE (792,40 euros).
4. O importe dos anuncios de licitación ascende a 861,40 euros, en lugar de 853,85 euros.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 11 de novembro de 2016

A presidenta da Mesa de Contratación

María Jesús Lago Rey



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 03:46	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-CC495A-87B521-PXVAU-13GL2J-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		